



M^a DOMINGA BRIÓN SANMIGUEL, Concelleira-voceira do Grupo Municipal do **BLOQUE NACIONALISTA GALEGO (BNG)**, neste Concello, presenta a seguinte Moción ante o Pleno da Corporación Municipal, para reclamar un novo Mercado Municipal para Ribeira.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O actual Mercado Municipal de Ribeira atópanse nun estado lamentábel, sendo urxente a necesidade de dotarse dunhas novas instalacións, tanto á altura da calidade dos produtos que nel se comercializan, como da que a cidadanía de Ribeira merece e demanda.

No balbordo da campaña electoral das municipais do 2007 o alcalde fixo a presentación dun novo mercado que, dous anos despois, resultou ser máis virtual que real. Que se saiba, a día de hoxe aínda non dispón do solar onde poñelo.

Somos conscientes que a ubicación non é un tema menor. O actual Auditorio Municipal foi construído inicialmente para albergar o Mercado Municipal, pero despois dun tempo sen moito éxito, terminou pechado e reformándose para destinalo a utilización actual.

Por esta razón, nós propoñemos que as instalacións do novo mercado se fagan na ubicación actual. Hai espazo suficiente para dotarse dun edificio moderno e funcional. Podería contar, ademais, cun amplo aparcamento soterrado se recorremos aos espazos públicos que hai a carón. Deste xeito os vehículos e mesmo as zonas de carga e descarga poderían quedar debaixo e disporíamos na superficie dunha ampla zona verde.

Mentres tanto, os postos de venda trasladaríanse a unha carpa, como se fixo noutros concellos, algo co que os vendedores e vendedoras da plaza concordan.

Por todo o exposto, o Grupo Municipal do BNG, solicita o apoio da Corporación Municipal para a adopción do seguinte

A C O R D O :

- 1. Que se dote a Ribeira dun novo Mercado Municipal.**
- 2. Que se proceda á demolición do vello edificio e se constrúa no seu lugar o novo Mercado Municipal de Ribeira trasladando, entretanto, a unha carpa os actuais postos de venda.**

Ribeira, 20 de marzo de 2009
Asdo.: M^a Dominga Brión Sanmiguel

SR. ALCALDE PRESIDENTE DO CONCELLO DE RIBEIRA